

INFORMACIÓN IMPORTANTE SOBRE RPT E CONCURSO DE TRASLADOS DO PROFESORADO DE RELIXIÓN

O profesorado de relixións estaba neste curso 2019-2020 ante o feito máis importante para este colectivo de traballadoras e traballadores en Galicia nos últimos dez anos: a resolución dunha **nova Relación de Postos de Traballo** (RPT) e un posterior **Concurso de Traslados** en base a esta. O estado de alarma fixo que este importante fito quedase paralizado.

Dado que os prazos para levar a cabo o Concurso cada vez son máis axustados por mor da data na que nos atopamos, e xa que son un paso fundamental de cara á estabilización do profesorado de relixións, dende CCOO-Ensinos puxémonos en contacto co resto das organizacións sindicais que contan con representación no profesorado de relixións para facer unha solicitude conxunta á Consellería para que se seguise adiante o proceso unha vez levantado o Estado de Alarma. Agás un sindicato, todos declinaron a invitación a participar nunha videoconferencia para tratar este tema por considerar que non era oportuno facelo neste momento.

Decidimos facer distintas xestións en solitario. A data de hoxe, podemos dicirvos que temos informacións que apuntan a que os plans da Consellería para a nova RPT seguirán adiante, pero temos dúbidas que suceda o mesmo có Concurso e, polo tanto, cremos que existe o risco de que este quede adiado para o curso que ven.

Motivados pola seguridade sobre o posto de traballo que implica a nova RPT e o Concurso de Traslados, a Federación de Ensino de CCOO ven de solicitar á Consellería de Educación:

- Que se informe de cales das alegacións presentadas á RPT e ao borrador do Concurso de Traslados son aceptadas.
- O compromiso a retomar de xeito inmediato, en canto a norma permita a reanudación dos prazos administrativos, a tramitación do Concurso de Traslados

O noso compromiso coas traballadoras e traballadores encargados de impartir o ensino das relixións en temas laborais de tanta relevancia como este é prioritario, e seguiremos dando os pasos necesarios para que este proceso de estabilización siga adiante.

Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar
CP 15707
Telf. 981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar
CP 15008
Telf. 981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María 42-44
CP 15402
Telf. 981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla 58, 4º andar
CP 27002
Telf. 982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería 1, 2º andar
CP 36002
Telf. 986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrechán
CP 36212
Telf. 986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar
CP 32300
Telf. 988 322 034
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Monforte

Roberto Baamonde s/n
CP 27400
Telf. 982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

